

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN GALEGA DE SALAS DE MÚSICA AO VIVO (CLUBTURA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MÚSICA AO VIVO DENTRO DA PROGRAMACIÓN DO XACOBEO 2021

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte , Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en nome e representación da Axencia Galega das Industrias Culturais con NIF Q6550009B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, en calidade de presidente do Consello Reitor no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo, polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais

Doutra parte,

E doutra, Alberto Grandío Valín, na súa calidade de presidente da Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo-Clubtura (en adiante Asociación), con NIF G36976025, con sede en Rúa do Orzán, nº 86, 4ªdereita,15003 A Coruña, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Axencia Galega de Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei. O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións o artigo 5.b) atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.



Segundo.- Que a Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo (Clubtura) vén traballando dende a súa constitución en 2005 a prol da profesionalización do sector das salas de concertos como entidades profesionais dentro da industria musical.

Á súa relevancia como interlocutora activa ante as diferentes administracións, local, autonómica e estatal, en distintas mesas e foros do sector musical, súmase o labor desenvolvido durante estes anos no reforzamento dos circuítos musicais que levan a considerar as salas como verdadeiros espazos culturais, contribuíndo dunha maneira moi activa á consolidación e desenvolvemento da industria musical, para o que é clave, ademais, a súa pertenza á ACCES, asociación estatal de salas de concertos, e a Live DMA, a asociación europea de salas de concertos.

Terceira.- Que a Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo (Clubtura) é a única asociación existente na Comunidade Autónoma que agrupa, representa, defende e promove os intereses comúns das empresas titulares de salas de concertos para música ao vivo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia das que forman parte máis de 37 asociados, o que representa o 95% do sector da salas de concertos nas nosa comunidade.

Cuarta. Que a crise xerada pola Covid-19, así como as medidas adoptadas para o control da pandemia, afectaron de xeito directo a todas as empresas de entretemento, especialmente as salas de concerto que viron, primeiro canceladas todas as actuacións durante o estado de alarma e, segundo reducido o seu aforo ata límite tal que fixo imposible a súa reapertura nin no 2020 e que seguen atravesando moitas dificultades no ano 2021. Por este motivo, considerase de interese o apoio a estas empresas para o mantemento e reinicio da súa actividade no ano 2021 o que repercute na oferta cultural galega e o mantemento da actividade e emprego no sector.

Quinta. Que AGADIC é un dos organismos designados para recibir novos ingresos do Fondo Consenso aprobados no seo da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 do Parlamento de Galicia o que permite atender a novos nichos do sector cultural para impulsar a súa revitalización.

Sexta. Que no citado contexto o obxectivo do convenio é o impulso do tecido empresarial do mundo do espectáculo e movemento cultural e, en concreto, do sector das salas de concertos de música ao vivo para contribuír a súa reactivación, para mantemento do emprego e xeración de recursos económicos.

Sétima. Que esta acción é complementaria coa liña de axudas para salas de música da propia AGADIC, xa que se a través desta se subvencionaba á actuación individual de cada sala para programación, con este convenio o que se pretende é crear un circuíto cultural nas rede de salas de música co vivo para fortalecer o tecido asociativo ao tempo que se contribúe a crear unha imaxe de marca dos espazos dedicados á ocio e a música en directo para o que a Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo (Clubtura) é a canle precisa que pode desenvolver esta tarefa.



A colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, motivo polo que a Axencia Galega das Industrias Culturais considera axeitado e necesario, por razóns de interese público, colaborar con esta Asociación para o desenvolvemento da súa actividade na nova normalidade, por ser a única entidade que representa as empresas de salas de concertos ao vivo, e polo tanto son é a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto e lograr acadar o seu obxectivo.

Por estas razóns, concorren para os efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, sen que proceda promover a concorrència pública ao ser as Asociacións as únicas entidades representativas existentes e, polo tanto, que poden desenvolver este programa.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é colaborar no financiamento dos gastos derivados do programa “Música en Salas”, entendido como un circuito cultural nas salas de concertos ao vivo na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2021 asociadas á Asociación asinante deste convenio, que estimule a reactivación do sector.

A Asociación só poderá realizar as actividades descritas no presente convenio naquelas salas de concerto de música ao vivo que contén coa preceptiva licenza municipal ou permiso específico do concello para a realización da actividade.

As características deste programa son:

- ✓ As actuacións sempre serán en directo
- ✓ O caché por actuación non poderán superar o importe de 2.500 euros (IVE incluído)
- ✓ Cada sala participante non poderá programar máis de 10 concertos
- ✓ Dentro da programación de cada sala non se poderán repetir artistas, buscando a máxima variedade posible no conxunto do programa
- ✓ O importe total que poderá xustificar cada sala, polos importes subvencionables descritos na cláusula terceira, non poderá superar os 12.000 euros (IVE incluído)

Segunda. Orzamento e financiamento

O orzamento destinado a financiar este convenio ascende a 200.000 euros (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 10. A1 432B 781.0 (código de proxecto 2021 00002) dos créditos que a



Axencia Galega das Industrias culturais ten asignados a través do Fondo de Consenso aprobado polo Parlamento de Galicia.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Terceira.- Gastos subvencionables

Se consideran gastos subvencionables ao abeiro deste convenio:

- ✓ Os cachés dos artistas, bandas e outras formacións musicais que participen no programa, que serán concertos en directo e ao vivo nas salas que formen parte do programa
- ✓ Gastos de produción asociados á programación.
- ✓ Os gastos derivados do establecemento dos protocolos de seguridade e saúde determinados pola autoridade sanitaria para os eventos obxecto do convenio. Os protocolos establecidos deberán de ser os vixentes en cada momento.
- ✓ Os gastos derivados da coordinación, xestión e control do programa de concertos obxecto do convenio por parte da Asociación.

A previsión de gasto en cada concepto é a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Cachés	140.000,00 €
Produción	40.000,00 €
Protocolos de seguridade	10.000,00 €
Coordinación, xestión e control	10.000,00 €

En relación ao concepto de gasto, os gastos de cachés de artistas non poderán superar o 80% do importe total.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do 1 de setembro de 2021. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están





directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os tributos son gastos subvencionables cando a persoa beneficiaria da subvención os paga efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. A Asociación asume as obrigas que como entidade beneficiaria establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre as que cabe destacar as seguintes:

Seleccionar as salas que participarán no programa. Estas salas deberán contar coas preceptivas licenzas municipais ou os permisos específicos do concello das salas de concertos de música ao vivo onde se vaian a celebrar os concertos que conforman a programación.

- a) Presentar unha programación de actuacións para o ano 2021 nas salas de concertos de música ao vivo de, a lo menos, 100 espectáculos, para a súa aprobación por parte de Agadic.
- b) Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio de que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, polo que deberá incluír o logo da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21.22, segundo o manual de imaxe corporativa e sempre debendo contar coa conformidade da Axencia con anterioridade a realizar calquera publicación.
- c) Cumprir coa normativa de espectáculos públicos de Galicia así como con os protocolos da autoridade sanitaria para a COVID-19 vixentes en cada momento e circunstancia
- d) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- e) Comunicar á Axencia Galega das Industrias Culturais a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- f) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.





- g) Comprobar que tanto as salas onde se va a implementar o programa como as empresas participantes nel, cumpren os requisitos de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos , (DOUE L 352/1 do 24.12.2013), están ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade Social e non estar incursas en ningunha das prohibicións obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- h) Subministrar á Axencia galega das Industrias Culturais , en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Galega das Industrias Culturais, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia galega das Industrias Culturais comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Porén será incompatible coa subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes da Resolución do 24 de febreiro de 2021, pola que se establecen as bases, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada para o ano 2021 (DOG 10 marzo de 2021).

As salas que teñen concedida unha subvención ao abeiro desta convocatoria da AGADIC só poderán participar neste programa unha vez realizado o obxecto da subvención concedida e presentada, de xeito satisfactorio a súa xustificación. Polo tanto, aquelas salas que son beneficiarias da subvención e poidan acollerse a este convenio, deberán desenvolver o programa entre o 31 de outubro e o 1 de decembro de 2021.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e as persoas ou profesionais que desenvolvan as





accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación da subvención efectuarase pola Asociación segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterà a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros axudas, recursos, ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

g) Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

i) Documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.



Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á Asociación.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o 1 de decembro de 2021.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención proporcionalmente á contía xustificada.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagos anticipados por importe máximo do 90% do crédito da subvención o que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, previa a súa autorización polo Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os pagos anticipados poderán ser:

Un 30% á sinatura do convenio

Un 30% á presentación da programación

Un 30% á realización do 80% da programación obxecto do convenio, previa entrega da memoria xustificativa da súa realización.

Coa solicitude do anticipo, a Asociación terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe





xuntarse, de ser o caso, a declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías as que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 67.4 da mesma.

Novena.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Asociación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.





Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo primeira.- Réxime de mínimos

Estas achegas acóllense ao réxime de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación do artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos, (DOU L 352/1 do 24.12.2013).

A estes efectos a Asociación asinante solicitará ás empresas destinatarias das accións establecidas no obxecto do presente convenio unha declaración sobre as axudas de mínimos recibidas, que remitirá a Agadic coa documentación xustificativa. A Agadic procederá a darlle publicidade a través da súa publicación na BDNS.

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas de mínimos, deberase garantir que, no caso de recibir as persoas beneficiarias outras axudas baixo o réxime de mínimos, non se supera o límite de 200.000 euros nin período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de mínimos ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Axencia Galega das Industrias Culturais

Décimo terceira.- Modificacións e resolución do convenio



1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais





En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Galega das Industrias Culturais publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo sétima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.- Vixencia



Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

POLA AGADIC

POR CLUBTURA

Román Rodríguez González

Alberto Grandío Valín

Presidente do Consello Reitor da Agadic

Presidente

